

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO MAIO 2019

EXPEDIENTE:2019/G003/001491

ANTECEDENTES:

Como ven sendo habitual no concello na primeira quincena do mes de maio tivo lugar Xunta de Voceiros co obxecto de determinar os asuntos a incluír na sesión plenaria ordinaria do mes de maio.

Durante o transcurso da Xunta de Voceiros tendo en conta que o 26 de maio terían lugar as eleccións municipais e que o día no que correspondería a celebración do pleno ordinario é festivo local (30 de maio – día da Ascensión), por acordo unánime dos voceiros acordase fixar como data do pleno ordinario de maio, o martes 28 de maio.

A pesares de que a sesión ten carácter ordinario, dado que a partires do día 26 de maio a Corporación atópase en funcións, o que supón que non se poden adoptar acordos de maioría cualificada (tal e como se informou na Xunta de Voceiros), non se inclúe o apartado de mocións, xa que non poderán ser incorporados na orde do día asuntos non incluídos na convocatoria.

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1.c da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 78 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e en cumprimento do acordo plenario de organización da corporación local sobre periodicidade das sesións plenarias ordinarias,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar **sesión ordinaria** do Pleno do Concello que terá lugar o vindeiro martes, día 28 de maio de 2019, ás vinte horas e trinta minutos (20.30 horas), coa orde do día que se sinala a continuación:

ORDE DO DÍA:

A) PARA DAR CONTA:

1.- Dación de conta ao Pleno da Corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.

B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:

2.- Aprobación, se procede, de actas anteriores (acta da sesión da ordinaria do 25 de abril de 2019)

3.- Aprobación proxecto técnico modificado das obras de “construción de dúas pistas de tenis en ALDEA NOVA (ORTOÑO).” POS 2018.

C) PARA CONTROL DO GOBERNO:

4.- Rogos e Preguntas.

Segundo.- Comunicar ás/ós señoras/es concelleiras/os que os asuntos que haberán de tratarse na dita sesión atópanse a súa disposición para ser examinados na Secretaría Xeral a partir da data desta convocatoria.

No caso de non poder asistir á sesión plenaria, deberán acreditarlo con antelación suficiente ante esta Alcaldía.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes (artigo 46.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril) entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro).

Terceiro.- Notifíquese en forma axeitada á legalidade.

O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo